

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 5 DE XULLO DE 2017 DO  
PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE “DOUS VEHÍCULOS  
COMPACTADORES DESTINADOS Á RECOLLIDA DE COLECTORES PARA O SERVIZO DE  
RECOLLIDA DE RSU DO CONCELLO DA ESTRADA”**

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello da Estrada, sendo as 12:30 horas, (aínda que estaba convocada para as 12:00 horas) réunese a Mesa de contratación para o subministro de “DOUS VEHÍCULOS COMPACTADORES DESTINADOS Á RECOLLIDA E COLECTORES PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU DO CONCELLO DA ESTRADA”.

Asistentes:

- Presidente: José Carlos López Campos, Alcalde do Concello
- Vogal: Juan M. Concenla Carbón, Concelleiro delegado do Rural.
- Vogal: Daniel Orrea Corral, arquitecto técnico municipal.
- Vogal: Luis Manuel Lozano Lorenzo, Interventor acctal., do Concello
- Vogal: Lucía Artime Alonso, Secretaria do Concello.
- Funcionaria de Secretaría: M<sup>a</sup> Josefa Martínez Barros, que actúa como Secretaria da Mesa.

Tódalas decisións adoptadas pola Mesa o foron por unanimidade.

De conformidade co acordado pola Mesa en reunión de data 3 de xullo de 2017, o arquitecto técnico Sr. Órrea Corral emitiu o informe de valoración sobre as propostas presentadas que se transcribe a continuación:

*“Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal do Concello da Estrada, membro da mesa de Contratación para o Subministro de dous vehículos compactadores destinados á recollida de colectores para o servizo de recollida de RSU do Concello da Estrada,*

*Examinada a documentación da oferta recollida no Sobre B dos licitadores “DALONGA”, “ANGAL” E “SVAT” e, tendo en conta os pregos de cláusulas económico administrativas polos que se rexe o procedemento*

***Informo:***

***Primeiro:*** *As ofertas presentadas polos licitadores resúmense no seguinte cadro:*

LICITADOR:	DALONGA	ANGAL	SVAT
<b>PARÁMETRO AVALIABLE</b>			
<b>Prezo</b> PEC=oferta máis económica x 40 / Oferta do licitador	358104	348000	355500
<b>Prazo de garantía</b> PEC=oferta máis vantaxosa x 20 / oferta licitador	12	24	3
<b>Mantemento integral</b> PEC = oferta máis vantaxosa (nº meses) x 20 / oferta do licitador	12	0	3
<b>Taller Móbil</b>	SI	SI	SI
<b>Consumo</b> PEC= oferta máis vantaxosa x 6 / oferta licitador	199,66 + 207,46 g/Wh ensaio WHSC	ND	199,66 + 207,46 g/Wh ensaio WHSC
<b>Ruídos</b> PEC= Oferta máis vantaxosa x 2 / oferta do licitador	80dB(A ) en movemento / 85 dB(A ) parado	ND	102
<b>Emisión de gases</b> PEC= oferta máis vantaxosa x 2 / oferta do licitador	EURO VI – C	EURO VI – C	EURO VI – C

\* Os licitadores ANGAL e SVAT non determinan na folla da oferta os consumos, debendo ser extraídos os mesmos dos distintos catálogos que aportan.

\* O único licitador que detalla de xeito correcto na folla da oferta o nivel de emisión de ruídos é Dalonga, non detallándose ou detallándose de xeito erróneo por parte dos outros dous licitadores.

En todo caso, considera o que subscribe que pola controversia que puidera ocasionar non puntuar de xeito correcto os parámetros de consumo e ruídos, xa que os valores, anque non figuren na folla resumen da oferta, poderían figurar na densa documentación presentada polos licitadores, non deberían terse en conta ditas puntuacións, de xeito que se valoran a “0”.

Segundo: Das ofertas presentadas, tendo en conta as observacións vertidas, obtivéronse as seguintes puntuacións:

<b>PUNTUACIÓN DAS OFERTAS</b>			
<b>LICITADOR:</b>	<b>DALONGA</b>	<b>ANGAL</b>	<b>SVAT</b>
<b>PARÁMETRO AVALIABLE</b>			
<b>Prezo</b> PEC=oferta máis económica x 40 / Oferta do licitador	38,87	40,00	39,16
<b>Prazo</b> de garantía PEC=oferta máis vantaxosa x 20 / oferta licitador	10,00	20,00	2,50
<b>Mantemento integral</b> PEC = oferta máis vantaxosa (nº meses) x 20 / oferta do licitador	20,00	0,00	5,00
<b>Taller Móbil</b>	10,00	10,00	10,00
<b>Consumo</b> PEC= oferta máis vantaxosa x 6 / oferta licitador	0,00	0,00	0,00
<b>Ruídos</b> PEC= Oferta máis vantaxosa x 2 / oferta do licitador	0,00	0,00	0,00
Emisión de gases PEC= oferta máis vantaxosa x 2 / oferta do licitador	2,00	2,00	2,00
<b>TOTAL PUNTOS</b>	<b>80,87</b>	<b>72</b>	<b>58,66</b>

*O licitador con maior puntuación resulta ser "DALONGA" CON 80,87 puntos, coa oferta máis vantaxosa. "*

A Mesa mostra a súa conformidade co informe emitido polo técnico municipal.

Respecto ás formulas utilizadas para a valoración dos distintos criterios de adxudicación faise pola Secretaria Municipal unha aclaración. Advertido erro na fórmula a utilizar nos pregos para o cálculo da garantía, e estando en letra claramente exposta a forma de cálculo " Outorgarase a máxima puntuación ó maior prazo de garantía que afecte tanto ós vehículos como ás caixas colectoras, partindo do ano fixado como obligatorio nestes pregos. As demais ofertas puntuaranse proporcionalmente", utilízase esta forma, a regra de tres directa, para o cálculo de ditas puntuacións, pois de utilizar a fórmula que consta tras a explicación de cómo se debe facer o cálculo no anexo, os resultados obtidos non serían coincidentes co sentir dos pregos, xa que os demais licitadores obterían maior puntuación que o que presenta o maior prazo de garantía, o que obviamente vai en contra do establecido nos criterios de valoración. A Mesa de Contratación ten potestade para interpretar o prego que rexe a contratación e adopta este criterio por unanimidade.

En consecuencia co anterior, e coas previsións do pregos, a Mesa de contratación realiza ao órgano de contratación a súa correspondente Proposta de adxudicación a favor da empresa DALONGA S.A., por ser a que obtivo a maior puntuación. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a)A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) deberá de presentar toda a documentación relacionada na cláusula 8 e que declarou posuir mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b)Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c)Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d)Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas art. 96 do RD Legislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a sesión da Mesa de Contratación sendo as doce horas e cuarenta minutos do día do seu comezo.

A secretaria da Mesa,

O alcalde

(documento asinado electronicamente á marxe)